

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 13 de setembro de 2024

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta minutos do día trece de setembro do ano dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Rafael Domínguez Artime, Luisa María Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Belén Cachafeiro Anta, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Non asiste o deputado *Jorge Cubela López*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez e María Isabel Couso Torres* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.34186.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 6 de setembro de 2024.

2.34187.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DO PONTEAREAS PARA O INVESTIMENTO DENOMINADO “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN CAMPO DE FÚTBOL DE SAN MATEO (FASE I)”, INCLuíDO NO PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS (Expte. 2024019669)

ANTECEDENTES

- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria do 15/12/2023, mediante o acordo núm. 2.33272 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 245, do 22/12/2023.



- O financiamento deste plan ascende a catro millóns (4.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2024/942.3420.762.95.2023.
- As subvencións outorgaranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2022).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2023009897 de data 22/12/2023 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Pontearreas o importe que lle corresponde é de 133.998,23 €.
- En data 22/03/2024, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2024019017), ao abeiro do PEID, dunha petición do Concello de Pontearreas na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 133.998,23 euros, con destino ao financiamento do investimento denominado “Proxecto básico e de execución campo de fútbol de San Mateo”, cun orzamento de 374.706,83 euros. Así mesmo, solicita no expte. 2024022447 que o importe que resta ata completar o orzamento se financie mediante o Plan + Provincia 2024 (43.461,27 euros) e o Plan + Provincia 2025 (197.247,33 €).
- O día 04/06/2024 o técnico facultativo do Servizo de Cooperación informa o seguinte, tendo en conta un decreto de Alcaldía presentado o 10/04/2024 (núm. rexistro WEB2024023926) no citado expte. 2024022447:
*“(…) detéctase que a pesar que o proxecto describe unha obra completa cun valor de 374.706,83€ e un prazo de execución de 5 meses, na resolución de aprobación do mesmo (Decreto 2024-1196 do 09/04/2024) indicase que a execución do mesmo realizarase en dúas fases.
Faise preciso, polo tanto, a adecuación do proxecto inicialmente presentado diferenciando de forma inequívoca e de forma independente as dúas Fases de execución, xa que atendendo á base vixésima as fases deberán referirse necesariamente a obras completas ou de aproveitamento separado, entendendo por tales as susceptibles de ser entregadas ao uso xeral ou ao servizo correspondente.”*
- Á vista do anterior, en data 30/07/2024, o Concello de Pontearreas presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2024049404), emendado o 27/08/2024 (núm. rexistro WEB2024054187), un proxecto corrixido desagregado en dúas fases, xunto cun decreto de Alcaldía no que se corrixe a solicitude de subvención.



O Concello solicita unha subvención por importe de 133.998,23 € con destino ao financiamento do investimento denominado “*Proxecto básico e de execución campo de fútbol de San Mateo (Fase I)*”, cun orzamento de 177.459,50 €. Así mesmo, solicita que o importe que resta ata completar o orzamento, 43.461,27 €, se financie mediante o Plan + Provincia 2024 (Expte. 2024022447).

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 01/08/2024 (CSV: 46BGT0QTOAXJQR2G).
- Así mesmo, o 27/08/2024 a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención (CSV: LSXQ8PAWT9CGMHSK) e o 05/09/2024 a Intervención provincial informa favorablemente a dita concesión (CSV: T4WR1B76DYQWGGPJ).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base 16ª das reguladoras do PEID que permiten destinar a cantidade asignada deste plan ao financiamento das achegas municipais de investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos de execución recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do PEID.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

A solicitude do *Concello de Ponteareas* relativa ao financiamento do investimento denominado “*Proxecto básico e de execución campo de fútbol de San Mateo (Fase I)*” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 177.459,50 €.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Ponteareas*, CIF P3604200J, a cantidade de 133.998,23 € con destino ao financiamento do investimento “*Proxecto básico e de execución campo de fútbol de San Mateo (Fase I)*” ao abeiro do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento de 177.459,50€.

O importe que resta ata completar o orzamento financiarase cunha axuda solicitada ao Plan + Provincia 2024 por importe de 43.461,27 €.

A concesión da subvención queda condicionada á obtención das autorizacións sectoriais solicitadas ao Servizo de Infraestruturas da Deputación e á Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, as cales deberán ser presentadas no momento da primeira xustificación

A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID (BOPPO núm. 245, de 22/12/2023) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.3420.762.95.2023 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Ponteareas*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.



3.34188.- ADXUDICACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE AO ALUMNADO PARTICIPANTE NO PROXECTO ERASMUS+ 2023 (10ª MOBILIDADE)
(Expte. 2023003512)

O 23 de novembro de 2022 publicouse no Diario Oficial da Unión Europea núm. C 444/16 a convocatoria de propostas 2023 (EAC/A10/2022) do Programa Erasmus+, ao abeiro do Regulamento (UE) Núm. 2021/817 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de maio do 2021, polo que se establece Erasmus+, o Programa da Unión para a educación e a formación, a xuventude e o deporte, e se derroga o Regulamento (UE) núm. 1288/2013.

O 21 de febreiro de 2023 a Deputación de Pontevedra presentou o proxecto do consorcio de mobilidade (ID da solicitude: KA121-VET-DB33C956) dentro da Acción Clave 1 (KA1) “*Mobilidade das persoas por motivo de aprendizaxe*” que ten as seguintes características:

Obxectivo global: levar a cabo un programa de mobilidade de estudantes recentemente titulados de ciclos medios de Formación Profesional, Formación Profesional Básica e cursos que conduzan á obtención de Certificados de Profesionalidade dos niveis I, II e III pertencentes a distintas familias profesionais co fin de colaborar na súa integración no mundo laboral a través de prácticas laborais en empresas e institucións estranxeiras.

Número de participantes: 90 mobilidades de longa duración de estudantes de FP (*ErasmusPro*), 10 mobilidades de aprendizaxe por observación de docentes e persoal non docente que traballe en educación e formación profesional e 1 visita preparatoria.

Duración e prazo de desenvolvemento do proxecto: 15 meses (dende o 1 de xuño de 2023 ata o 31 de agosto de 2024). Con todo, ao cabo de 12 meses, todos os beneficiarios de proxectos acreditados terán a posibilidade de ampliar o seu proxecto ata unha duración total de 24 meses, tal e como recolle a Guía do Programa Erasmus.

Ámbito de actuación do proxecto: Alemaña, Bélxica, Finlandia, Francia, Grecia, Irlanda, Italia, Islandia, Malta, Países Baixos, Polonia, Portugal, Romanía ou calquera noutro país do programa Erasmus+.

O 21 de xullo de 2023 a dirección do *Servicio Español Para la Internacionalización de la Educación* (SEPIE), emitiu a resolución definitiva pola que se resolveu publicar os listados de solicitudes seleccionadas, en lista de reserva e rexeitadas da Acción Clave 1 – Mobilidade educativa de persoas (KA121,KA122), correspondente á Convocatoria de Propostas do programa Erasmus+ 2023, concedendo á Deputación de Pontevedra unha axuda para a realización do proxecto presentado por importe de 1.182.155,00€.



Trátase dun proxecto plurianual (2023-2024) financiado con fondos do SEPIE e fondos propios e para a anualidade 2023 realizáronse as operacións de xeración de crédito polo importe da subvención concedida polo SEPIE para ese exercicio e por parte do financiamento propio realizáronse as correspondentes operacións de modificación de crédito, comprometéndose a Deputación de Pontevedra ao financiamento do importe da anualidade do proxecto.

Con data 24 de agosto de 2023 a Deputación asinou co SEPIE o convenio a través do cal se acepta a subvención concedida e se asume o compromiso de executar o proxecto nos termos e condicións establecidas.

O prazo establecido para levar a cabo este proxecto é de 15 meses, dende o 1 de xuño de 2023 ata ao 31 de agosto de 2024. Con todo, ao cabo de 12 meses solicitouse a ampliación da duración do proxecto a 24 meses facendo uso do dereito inherente a todos os beneficiarios. O 6 de xuño de 2024 o SEPIE notificou a aprobación desta solicitude, establecéndose a data de finalización do proxecto o 31 de maio de 2025.

De acordo co previsto na memoria do proxecto, en cada un dos centros de Formación Profesional constituíuse un comité de mobilidade, encargado da selección dos alumnos participantes, concreción do país de destino e data de inicio da prácticas. Á súa vez, a Deputación creou o seu comité de mobilidade para o asesoramento en materias xerais relativas ao proxecto, así como calquera outra necesidade e imprevisto relacionado coas prácticas.

Partindo das propostas dos centros de Formación Profesional e do comité de mobilidade da Deputación, os participantes distribuiranse en varias quendas de mobilidade:

- A primeira quenda, que comprende un total de 14 participantes, iniciou a mobilidade en marzo do 2024 con destino Portugal, Italia e Malta, Irlanda e República Checa.
- A segunda quenda comprende a 1 docente que iniciou a mobilidade en marzo con destino Portugal.
- A terceira quenda comprende un total de 17 alumnos e alumnas que iniciaron a mobilidade en abril do 2024 con destino Croacia, Irlanda, Italia, Malta e Portugal.
- A cuarta quenda, que comprende a 2 docentes, iniciou a súa mobilidade en maio do 2024 con destino Malta e Hungría.
- A quinta quenda comprende a 1 docente que iniciou a súa mobilidade en maio do 2024 con destino Polonia.
- A sexta quenda comprende a 1 docente e 3 estudantes que iniciaron a súa mobilidade en xuño 2024 con destino Italia e Portugal.
- A sétima quenda comprende a 8 participantes que iniciaron a súa mobilidade en xuño de 2024 con destino Croacia, Francia, Italia, Malta e Portugal.
- A oitava quenda comprende a 2 alumnos que iniciaron a mobilidade en xullo de 2024 con destino Italia.



- A novena quenda comprende a 46 alumnos e alumnas e 1 docente que iniciarán a mobilidade en setembro de 2024 con destino Francia, Holanda, Irlanda, Italia, Malta e Portugal.
- Esta décima mobilidade comprende a 8 alumnos e alumnas que iniciarán a mobilidade en setembro, outubro e novembro do 2024 con destino Noruega, Croacia, Malta e Portugal.

A duración das mobilidades dos recentemente titulados non poderá superar 365 días. Se durante este período se cumpre 12 meses a contar dende a finalización dos estudos daranse por concluídas en tal data.

A data de inicio do período de mobilidade será o primeiro día no que o participante teña que estar presente na organización de acollida. A data de finalización será o último día no que o participante teña que estar na organización de acollida. Engádese 1 día para a viaxe antes do primeiro día da actividade e 1 día para a viaxe de volta tras a finalización do período de mobilidade que se inclúe no cálculo da partida de Apoio Individual.

O importe da axuda vén determinado en función do número de días de estancia e do país de destino. A plataforma Beneficiary Module, creada pola Comisión Europea para a xestión dos proxectos Erasmus+, realiza o cálculo da contía correspondente de forma automática segundo as directrices do programa.

O apartado 1º da cláusula 4 (modalidades de pago) do convenio de subvención Erasmus+ Formación Profesional para estudos e/ou prácticas que se asina entre a institución beneficiaria da subvención (Deputación de Pontevedra) e os participantes establece que nos 30 días posteriores á sinatura do convenio por ambas partes e non mais tarde da data de inicio do período de mobilidade ou tras a recepción da confirmación da chegada, realizarase un pago de prefinanciación ao participante, equivalente ao 90% do importe especificado na cláusula 3. En base ao anterior, a Deputación comprométese a realizar o primeiro pago ao alumnado con anterioridade á data de inicio do período de mobilidade. Este criterio foi ratificado polo SEPIE na auditoría realizada ao proxecto Practicum Depo 2016 os días 21 e 22 de xaneiro de 2019 de cara á xestión de todos os proxectos Erasmus+ futuros.

Considerando o anterior debe advertirse que os pagos efectivos con saída de caudais da Deputación realizados con posterioridade á data de inicio das prácticas do alumnado ou do período de mobilidades de formación e visitas preparatorias dos docentes ou persoal serán considerados como custos non elixibles e, polo tanto, o SEPIE realizará unha corrección financeira do proxecto e reclamará a totalidade das contías que non cumbran os parámetros indicados por consideralas como custos non elixibles.

A axuda financeira farase efectiva previa aceptación por parte do interesado das cantidades asignadas en concepto de axuda individual e axuda de viaxe co compromiso de cumprir cos obxectivos do programa e destinalos aos fins que se determinan mediante a sinatura do convenio de subvención.

Con data 6 de setembro de 2024 emitíuse informe para a adxudicación das bolsas de mobilidade ao alumnado participante no proxecto Erasmus+ 2023 (10ª mobilidade) asinado polo Xefe do servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local co visto e prace da Deputada Delegada.



Con data 6 de setembro de 2024 a Intervención emitiu informe de fiscalización favorable para a concesión das bolsas de mobilidade a favor do alumnado que participa neste proxecto Erasmus+ 2023 (10ª mobilidade) detalladas no anexo. A contía ascende a 73.674,00 € que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 24/240.2429.481.01.2023 do proxecto de gasto “2300005 - ERASMUS+ 2023” pertencente ao Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local.

NORMATIVA APLICABLE

Estas axudas axustaranse ao previsto nas Bases reguladoras da concesión da subvención: Convocatoria de propostas 2023 do programa Erasmus+ (EAC/A10/2022), así como ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento desta Lei, e as Bases número 16 e 24 e seguintes das de execución do orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra para o ano 2024.

A concesión destas axudas corresponde á Xunta de Goberno en virtude das facultades que lle atribúe a base 16.2ª de execución do vixente orzamento.

Por todo o exposto, en base aos antecedentes e normativa aplicable a este tipo de axudas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. A concesión das bolsas de mobilidade a favor do alumnado que participa neste proxecto Erasmus+ 2023 (10ª mobilidade), nas cantidades detalladas no anexo en concepto de axuda por mobilidade (axuda individual + axuda de viaxe).

Para esta 10ª mobilidade con destino Noruega, Croacia, Malta e Portugal a contía ascende a 73.674,00€ que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 24/240.2429.481.01.2023 do proxecto de gasto “2300005 - ERASMUS+ 2023” pertencente ao Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local.

2. Notificar este acordo ás partes interesadas.

A axuda financeira ou parte dela será reembolsada se o participante non cumpre coas súas obrigas. Se o participante rescinde o convenio de participación antes do seu prazo de finalización ou se incumpre o establecido no mesmo, deberá proceder á devolución da cantidade da axuda que se lle aboou.

En caso de rescisión do participante por causas de forza maior, isto é, debido a unha situación ou acontecemento imprevisible e excepcional alleo á vontade do participante e non atribuíble a erro ou negligencia pola súa parte, o participante terá dereito a percibir a contía da axuda correspondente á duración real do período de mobilidade, e calquera fondo restante deberá ser devolto.



Anexo

Núm. expediente	Nome e apelidos	NIF/NIE	Centro Formación	Sector	Destino	Data de inicio mobilidade (incluída viaxe)	Data de fin mobilidade (incluída viaxe)	Total días	Axuda viaxe	Total axuda individual	100% (axuda individual + axuda de viaxe)
2024043379	Alejandra Fernández Agüete	***8057**	CFEA Lourizán	Aproveitamento e conservación do Medio Natural	Noruega	08/10/2024	31/03/2025	175	360,00 €	8.330,00 €	8.690,00 €
2024050149	Félix Lamoso Baqueiro	***9849**	IES Rodeira	CM Xestión Administrativa	Malta	29/09/2024	31/05/2025	245	360,00 €	10.038,00 €	10.398,00 €
2024053795	Itziar Pazos Ligeró	***8020**	CIFP Xunqueira	AFD Dinamización tempo libre infantil e xuvenil	Portugal	29/09/2024	31/05/2025	245	180,00 €	10.038,00 €	10.218,00 €
2024053787	Katrina Riveiro Temes	***3459**	CIFP Xunqueira	AFD Dinamización tempo libre infantil e xuvenil	Portugal	29/09/2024	31/05/2025	245	180,00 €	10.038,00 €	10.218,00 €
2024059071	Cristina Fernández Prieto	***9434**	CIFP Audiovisual de Vigo	FD Montaxe e Posproducción de Audiovisuais	Croacia	03/11/2024	31/05/2025	210	360,00 €	7.336,00 €	7.696,00 €
2024059081	Emma Orio Núñez	***7358**	CIFP Audiovisual de Vigo	FD Montaxe e Posproducción de Audiovisuais	Portugal	03/11/2024	31/05/2025	210	180,00 €	8.638,00 €	8.818,00 €
2024059087	Paula Pereira González	***2918**	CIFP Audiovisual de Vigo	FD Montaxe e Posproducción de Audiovisuais	Portugal	03/11/2024	31/05/2025	210	180,00 €	8.638,00 €	8.818,00 €
2024060166	Saray Sequeiros Lago	***9795**	CIFP Audiovisual de Vigo	FD Montaxe e Posproducción de Audiovisuais	Portugal	03/11/2024	31/05/2025	210	180,00 €	8.638,00 €	8.818,00 €

TOTAL 10ª MOBILIDADE 73.674,00€

4.34189.-

DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN LIGA DE AMIGOS DO ROSAL Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A “PUBLICACIÓN E AUDIOVISUAL SOBRE OS XOGOS TRADICIONAIS NO CONCELLO DO ROSAL”, APROBADA AO SEU FAVOR EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 05/07/2024 (Expte.2024024221)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do 16 de febreiro de 2024, aprobou as Bases reguladoras de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2024 (acordo núm. 2.33478), publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* o 26 de febreiro de 2024 (BOPPO núm. 40).



Ao abeiro da dita convocatoria, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 5 de xullo de 2024 (acordo núm. 7.33999), acordou concederlle á *Asociación Liga de Amigos do Rosal* (CIF: G36111375) unha achega de 3.267,52 € para a publicación en papel e audiovisual sobre os xogos tradicionais no *Concello do Rosal*, con cargo á aplicación 24/332.3322.789.00 do vixente Orzamento provincial.

Con data 26 de agosto de 2024, número de rexistro WEB2024053940, a Asociación Liga de Amigos do Rosal presenta renuncia á subvención concedida no seu día debido a que o importe concedido é menor ao esperado e non conta esta asociación cos fondos suficientes para o desenvolvemento do proxecto.

Con data 27 de agosto de 2024, a xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico informa esta proposta de renuncia, na que solicita a fiscalización do expediente e o conforme da área de Intervención. Con data 6 de setembro de 2024, a área de Intervención emite dilixencia de conformidade respecto do informe-proposta do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDEPO).
- Bases reguladoras de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2024.
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio.



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

Base Reguladora 14ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento de concesión de subvencións lle corresponde á xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, quen realizará de oficio todas as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, no que se sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto desta.
- Procedencia da renuncia:
- Artigo 94 da LPACAP, no que se establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda, os puntos 3 e 4 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia e a Administración aceptaraas de plano e declarará concluso o procedemento salvo que, téndose presentado neste terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.

RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 63 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o RLXS, no artigo 16 da OXSDEPO, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle á Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.

CONCLUSIÓNS

O artigo 94 da LPACAP contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión, que xa non poderá exercitarse novamente, mentres que a desistencia opera unicamente sobre o procedemento e non afecta ao posible novo exercicio do dereito.

A lei esixe como requisitos da renuncia a solicitude do interesado dirixida ao órgano administrativo competente para resolver e a súa práctica por calquera medio que permita a súa constancia (sempre que incorpore as firmas que correspondan).

Con suxeición ao antedito, a *Asociación Liga de Amigos do Rosal* presenta, o 26 de agosto de 2024, a solicitude formal de renuncia á subvención para a realización da publicación e audiovisual sobre os xogos tradicionais no *Concello do Rosal*, ao abeiro das subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de para o ano 2024.



Dado que non se ven prexudicados dereitos de terceiros nin se ve afectado o interese xeral, de acordo cos antecedentes e fundamentos de dereito, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da LRBRL, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, e vistos o informe da xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, con data 27 de agosto de 2024 (CSV:BBDEPIHCR2DC6BCY), e a dilixencia de conformidade da área de Intervención, con data 6 de setembro de 2024 (CSV:R6VORMMDZEBX42KA), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia da *Asociación Liga de Amigos do Rosal* á subvención concedida para a publicación e audiovisual sobre os xogos tradicionais no *Concello do Rosal*, ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2024.
- Declarar concluso o expediente e proceder ao seu arquivo.
- Dar traslado do presente acordo á *Asociación Liga de Amigos do Rosal*, á Intervención provincial e ao Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.

5.34190.- SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “ACONDICIONAMENTO DE OFICINAS DA SEDE CENTRAL DO ORAL EN PONTEVEDRA”. (Expte.- 2023035838)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 14 de xuño de 2024 acordou adjudicar empresa COVISAM NORTE, S.L. (CIF B70416011) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Acondicionamento de oficinas da sede central do ORAL en Pontevedra”, por un importe de 254.075,80 € IVE incluído.

Resultando.- Que con data 26/07/2024 formalizouse entre a directora de obra e o contratista, acta de comprobación de replanteo, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o día 26/11/2024.

Resultando.- Que na mesma data, e sen iniciar a execución das obras, formalizouse entre a directora da obra e o contratista, acta de paralización total das obras coa que se xunta informe, que consta no expediente con CSV: EFOJSX7XFP2R86X3, e que recolle o seguinte: “...Debido a que os traballos se van a executar na planta baixa e primeira da Sede Central do ORAL, onde presta servizo un importante número de traballadores é necesario a reorganización da forma de traballo e o traslado de parte do persoal pertencente a este centro xestor a espazos alternativos onde poidan desenvolver as súas funcións de forma adecuada, polo que o inicio da obra non está prevista dentro do prazo comprendido ata finais do mes de setembro. De esta forma, por razóns organizativas dos traballos a executar, solicítase a suspensión do contrato ata o momento en que a organización do persoal permita o inicio da obra...”



Resultando- Que recolle a acta de paralización que non se iniciou a execución da obra, estando pendente todas as unidades por executar.

Resultando.- Que conta no expediente con CSV: ZCIOSWGI75RE4WRT, informe do xefe de Servizo de Contratación, no que se recolle o seguinte: *“...Polo recollido na xustificación dos motivos da suspensión efectuada pola directora de obra, dedúcese que non se pode estimar un prazo para iniciar a execución da obra, ata que se reorganice e produza o traslado e reubicación do persoal que ocupa actualmente as oficinas onde se van realizar os traballos obxecto deste contrato. En base ó recollido pola directora de obra na acta de paralización, cumpriría autorizar a suspensión da execución deste contrato, en tanto non se dean as condicións climática axeitadas. Solventadas as incidencias, deberase formalizar un acta de reinicio das obras, quedando nese intre CATRO (4) MESES para a finalización do prazo de execución...”*

Considerando.- Que o artigo 190 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establece no seu primeiro parágrafo que *“...dentro dos límites e con suxección ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezga o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...”*

Considerando.- Que o artigo 208.1 da LCSP establece que: *“...se a Administración acordase a suspensión do contrato o aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, estenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel...”*

Considerando.- Que o artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: *“1. A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será firmada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...). 2. No contrato de obras a acta a que se refire o apartado anterior será tamén firmada polo director de obra, debendo unirse á mesma como anexo, en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición de obra executada e os materiais acopiados a pe de obra utilizables exclusivamente nas mesmas. Dito anexo deberá incorporarse no prazo máximo de dez días hábiles conforme á regra de cómputo establecida no apartado anterior, prorrogable excepcionalmente ata un mes, tendo en conta a complexidade dos traballos que inclúe...”*

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Suspender a execución do contrato de obras *“Acondicionamento de oficinas da sede central do ORAL en Pontevedra”*, con efectos dende o 26/07/2024.

Solucionadas as causas que deron lugar á suspensión da execución desta obra, formalizarase entre o contratista e o director de obra acta de reinicio, quedando nese intre CATRO (4) MESES, para finalizar a obra.



6.34191.- DEVOLUCIÓN DAS GARANTÍAS DEFINITIVAS CONSTITUÍDAS POLA EMPRESA IDELNOR PROYECTOS GESTION Y SERVICIOS, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “ADECUACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO NA PARROQUIA DE SAN CLEMENTE (CALDAS DE REIS) [PID/12/00896/2012000695]”, ENGLOBADO DENTRO DO CONTRATO DE “SUBMINISTRACIÓN DO PLAN DE INVESTIMENTOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (PID 2012). 9ª RELACIÓN DE PROXECTOS”. (Expte.2013004337) (Devogaran 2024041743)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 31 de xaneiro de 2014 (Núm. Rex.- 2014004802, de data 17/02/2014), adoptouse, mediante procedemento aberto, o contrato de “Subministracións do plan de investimentos da Deputación de Pontevedra (PID 2012). 9ª Relación de proxectos”. (Expte. 2013004637).

Dita relación de proxectos estivo composta, entre outros, polo seguinte expediente:

- Proxecto de adecuación do alumeado público na parroquia de San Clemente (Caldas de Reis) [PID/12/00896/2012000695]:

Para responder da realización deste expediente a entidade mercantil IDELNOR.- *Proyectos, gestión y servicios, S.L.*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unhas fianzas polos importes equivalentes ao 5% dos prezos de adxudicación de dito CB (IVE excluído), que é a seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
IDELNOR.- Proj., gest. y Serv, S.A. (A-36001576)	1.350,00€	201400013265	30/01/2014

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Cooperación (CSV.- W1UO4L03OAL5BWV9), no cal sinala que “(...) a devandita empresa cumpriu satisfactoriamente co obxecto do contrato sen que resultaren responsabilidades contra a mesma (...)”, polo que, “(...) informo favorablemente o expediente de devolución da garantía definitiva á empresa IDELNOR PROYECTOS, GESTIÓN Y SERVICIOS, S.L (CIF: B-36585446), constituída para o contrato de adecuación do alumeado público na parroquia de San Clemente (Caldas de Reis) pertencente á novena relación de proxectos do plan de investimentos da Deputación de Pontevedra (PID 2012) (...)”. (Expte.- 2013004637)

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil IDELNOR.- *Proyectos, gestión y servicios, S.L.*, dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.



Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do proxecto de “*Adecuación do alumeadado público na parroquia de San Clemente (Caldas de Reis) [PID/12/00896/2012000695]*” pertencente ao contrato de “*Subministracións do plan de investimentos da Deputación de Pontevedra (PID 2012). 9ª Relación de proxectos*” (Expte. Núm. 2013004637), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída “*en metálico*” pola empresa IDELNOR.-PROYECTOS, GESTIÓN Y SERVICIOS, S.L. (B-36585446), para responder de dito proxecto, por importe de 1.350,00€, que foi depositada na Tesourería Provincial o 30/01/2014, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201400013265.

7.34192.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (Expte. 2024061314)

Vista a relación de facturas con número 2024061314, que contén 5 facturas e por un importe de 6.088,35 € e con CSV: 1UUYC3PXIRT4M14B, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 05/09/2024, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extrajudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	6.237,43 €
Descontos do IRPF.....	360,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	210,92 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	6.088,35€



8.34193.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES (EXPTE. 2024061311) (TESOURERÍA)

Vista a relación de facturas con número 2024061311, que contén 2 facturas e por un importe de 5.493,40 € e con CSV: RIVH49G6EQDE5LS8, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 5/09/2024, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total	5.493,40 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos	0,00 €
Outros descontos	0,00 €
Total líquido	5.493,40 €

9.34194.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

10.34195.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

11.34196.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e corenta e cinco minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

